

# Medios

## Sae á rúa un novo número da revista 'Arraianos', que reflexiona sobre as fronteiras entre Galicia e Portugal

**A publicación de Alvarellos conta con sesenta colaboracións**

**Santiago.** A editorial Alvarellos acaba de sacar á rúa a revista Arraianos, que reflexiona sobre as fronteiras no seu novo número. Dirixida por Aser Álvarez, coordinada por Suso Díaz e promovida pola asociación Arraianos, leva por título *Vivir na raia* e conta con sesenta colaboracións entre as que están as de Xosé Luis Méndez Ferrín, Santiago Lamas, Fermín Bouza, Juan José Moralejo, Baldo Ramos ou Xavier Cordal, entre outros.

En case duascenas páxinas, rescata unha serie de imaxes inéditas sobre a



Portada de 'Arraianos'

raia galaico portuguesa, que realizou o desaparecido artista estremeño Antonio Covarsi.

Segundo di na nota editorial, a publicación "viaxa pola raia ata outras raiaas afastadas deste mundo, supostamente sen fronteiras,

que está nas nas terras e nos mapas, pero máis aínda na mente de quen as asume como propias. Moito se ten falado de cooperación transfronteiriza pero vemos que entre Galiza e Portugal hai unha e mil raiaas".

A revista inclúe tamén unha entrevista co músico galego Carlos Núñez, así como unha homenaxe ó poeta celanovés Celso Emilio Ferreiro. Finalmente, a revista, que se presentará a mediados deste mes, conta cun apartado de crítica de libros, música e arte. **C.G.**

---

Nas súas duascenas páxinas rescata as fotografías inéditas de Antonio Covarsi

---